

OBRADOIRO DE MODA

Presentador/a	Axudantes
1. Saúdos: presentación (IES Eduardo Pondal, disculpas polos erros... Saúdos en grego χαίρετε/ en latin: salvete (salvéte) Benvida a 10.15 IES de Melide, IES Pontepedriña 11.15 IES de Melide, IES Pontepedriña e IES Val Miñor de Nigrán Neste obradoiro aprenderemos os principais vestidos das antigas Grecia e Roma e aprenderemos a facelos. Para o estudo dos diferentes modelos inspirámonos nas abundantes representacións do vestido nas artes plásticas, en relevos, cerámica, escultura, frescos... e trataremos de reproducir algunha delas. Para poder levar a cabo este obradoiro é imprescindible a vosa colaboración, polo que precisamos que saíades a facer de “modelos” dos nosos vestidos.	10.15 Presenta Carmen Iglesias, axudan María Maroño, Alba Fiaño, Valerín, Lía, Sara Romero e Mencía. 11.15 Presentan Carla Vilouta e Uxía Rguez, axudan Noa Beiras, Enma, Cecilia, Laura e Lucía. axudantas, piden 1ª voluntaria e a van vestido con pepelo vermello.
2. Presentación básica: Os vestidos gregos e romanos eran moi semellantes e consistían en teas amplas, pouco confeccionadas e suxeitadas con fíbula. - Os gregos non levaban roupa interior, romanos si. Disto hai testemuñas en restos arqueolóxicos e representación plásticas, tal como podemos ver neste mosaico que se coñece como “As mozas do bikini”, que se atopa na Vila del Casale, en Sicilia, que nos mostra mulleres practicando deporte. Había varios tipos de tecidos, todos de orixe natural: la, algodón, liño, seda (viña de oriente...) ou incluso peles de animais. Un dos principais traballos da muller era levar a cabo todo o proceso do tecido.	Presentadora mostra fíbula e comenta que logo as usaremos nalgún modelo.

NON SÓ USABAN VESTIDOS BRANCOS, como vemos en moitas películas. Os tecidos podían ser de diferentes cores, procedentes de tintes de orixe vexetal, mineral ou animal (murex, cochinilla). Do murex, un molusco, obtíñase a cor púrpura, que estaba reservada ás clases altas na antiga Roma, polo seu elevado custe: era difícil de conseguir e o proceso de tinxido era moi tóxico.


Na antiga Roma as *fullónicae* encargábanse do tinxido e lavado de roupas. Normalmente as *fullónicae* estaban atendidas por nenos escravos, como se pode ver neste fresco de Pompeia, xa que era un traballo que non requería forza física, aínda que era moi tóxico.

(A industria téxtil sempre estivo ligada á escravitude e segue a estalo!)

No fresco do medio vemos un escravo que porta unha gaiola cun paxariño, que se usaba para controlar a toxicidade do ambiente. (contar anécdota de que este sistema usouse nas minas ata ben entrado o s. XX)

Mostrar a cor púrpura nunha cinta.

As axudantes, se remataron e hai espazo, piden unha 2ª voluntaria e van vestindo a unha rapaza con quitón xónico con tea azul e dous cintos.



As axudantes, se remataron e hai espazo, piden unha 3ª voluntaria e van vestindo a unha rapaza con quitón xónico con tea crema e atado cruzado.

3. Moda Minoica

Comezamos exhibindo un modelo anterior ao período clásico, un vestido minoico inspirado nos frescos atopados na illa de Creta e no Peloponeso no período minoico, do 2000 ao 1500 a . C, na idade do Bronce.

Segundo as numerosas representacións plásticas, esta vestimenta constaba dunha saia longa estampada, que podía levar volantes, e unha chaquetiña curta que deixaba o peito ao descuberto.

Sae Susana co seu vestido, as axudantes danlle cofre para que pose como na imaxe



4. Peplo dórico:

O peplo dórico é un vestido feminino sobrio, inspirado en Esparta. Normalmente unha sobre tea que caía por riba na parte superior do vestido. Este é o vestido que loce a deusa atenea no relevo, de época clásica, de [Atenea pensativa](#), que se atopa no museo da Acrópole, .



Axudantes poñen casco e lanza á rapaza vestida con peplo vermello, seguindo a imaxe da Atenea pensativa, tamén coñecida como a Atenea melancólica.

Despois sacan casco e lanza e mandan sentar á rapaza.



5. Quitón xónico:

O quitón podía ser un vestido feminino ou masculino. En Roma chámase stola. En Grecia tamén pode chamarse peplo xónico.



Xónico e dórico son dous estilos da arte grega, o xónico é menos sobrio que o dórico.


Cando facía frío, enriba do quitón ou peplo as mulleres levaban un manto, chamado *himation* en Grecia, ou *palla* (pala) en Roma

(Se está a cadeira:) Esta cadeira chámase *klismos*, está feita polo ciclo de madeira do IES de Melide e está inspirada na [estela funeraria de Hexeso](#), entre outras representacións artísticas.


Esta estela atópase no Museo Arqueolóxico de Atenas e representa á difunta sentada e a unha escrava traéndolle o seu obxecto favoritos en vida: o seu xoieiro. Sabemos que a moza difunta se chamaba hexeso por unha inscrición da parte superior.

As axudantes poñen himation, foulard branco con estampado azuis á rapaza con quitón azul.

Axudantes colocan ás dúas rapazas como personaxes da estela de Hexeso: sentan na cadeira á que levo peplo vermello e de pé á de azul co foulard e danlle o cofre.



6. Quitón xónico con atado cruzado: Os atados das vestimentas femininas eran variadas e trataban de realzar a figura. Podemos ver este atado cruzado nesta imaxe da inauguración dos xogos olímpicos en Olimpia. En breve estas tres modelos van representar as tres deusas principais Atenea, deusa da guerra e sabedoría, Hera, raíña dos deuses e Afrodita, deusa do amor e a beleza.	Axudantes acaban de montar quitón crema con atado cruzado á 3ª voluntaria. Mostran o atado ao público. As tres rapazas vestidas retíranse un momento a un lado do escenario sen desvestirse.
7. Quitón xónico a masculino: O quitón é tamén vestidura masculina, os homes adoitaban levalo máis curto que as mulleres, pois os homes saían máis da casa e a túnica máis curta era máis cómoda para andar. En Roma o quitón chámase túnica. Os homes tamén levan manto ou <i>himation</i>, que en Roma se chamaba <i>palla</i> (pala), como xa dixemos antes.	Axudantes montan quitón a voluntario con tea crema elástica, colocándoo de xeito que non pase moito dos xeonllos, e póñenlle manto ou himation con tea vermella transparente, con borde dourado. Este voluntario retírase a un lado do escenario sen desvestirse.
8. Exomis: A exomis era unha túnica sinxela masculina, propia de obreiros e camiñantes. O barquerio Caronte, que cruzaba aos mortos na lagoa Estixia, soe representarse con ela, tal como vedes neste lecito ou vasilla funeraria. Ás veces Hermes, mesaxeiro dos deuses e deus dos camiños, tamén se representa con exomis. Aquí vedes a Hermes cos seus emblemas: sombreiro de aba ancha ou <i>pétasos</i> e caduceo (pau con dúas serpes entrecruzadas).	Axudantes colocan exomis a un voluntario con tea marrón e colocan unha fíbula e explícanlo ao público. Póñenlle o sombreiro e danlle o caduceo.



9. Clámide:

A clámide era unha capa curta grega, propia de guerreiros e, se ía bordada, tamén a levaban príncipes.

Era tamén característica de camiñantes, e polo tanto prenda habitual d o deus Hermes.



Axudantes poñen por riba, ao mesmo modelo, a clámide con tea vermella curta. Sacan sombreiro e caduceo e danlle casco, escudo e lanza (ou espada) e caracerízano coma un guerreiro.

Despois sácanlle o casco e a lanza e póñenlle de novo o sombreiro e danlle caduceo, como se fose o deus Hermes



10. Composición xuízo de Paris:

E agora con todos os voluntarios/as que vestimos imos reproducir esta escena deste vaso que se atopa na Gliptoteca e Munich, o xuízo de Paris.

Vedes as tres deusas, Hera, Atenea e Afrodita acompañadas por Hermes, que as leva ante o troiano Paris para que elixa a máis fermosa, dándolle a famosa mazá de ouro que fóra botada diante delas nas vodas de Tetis e Peleo, coa inscrición “Para a máis fermosa”.

Elas sobórnano e el escolle a Afrodita, que lle ofrece o amor da muller máis fermosa do mundo. Esa muller é Helena de Esparta, á que Paris raptará provocando a guerra de Troia.

Axudantes volven sacar ás tres rapazas e ao rapaz co quitón e caraterizan:

- Rapaza do peplo vermello como Atenea con casco, lanza e escudo
 - Rapaza de azul como Hera colocando diadema
 - Rapaza de crema con cruzado como Afrodita, dándolle paxariño
- Dan mazá dourada ao rapaz que está vestido como Hermes.

Dan a lira ao rapaz do quitón con manto vermello, que senta na cadeira, como Paris.

Todos os axudantes axudan a desvestir e dobran teas e cintos.



11. Túnica romana e toga: Como dixemos ao principio, os vestidos romanos e gregos eran moi semellantes. Na antiga Roma había varios tipos de túnica: a pura, sen fitas; a dos cabaleiros, con bandas estreitas, chamada angusticlavia, e a dos senadores, a laticlavia, con bandas anchas de cor púrpura, cor exclusiva dos senadores e clases altas, como xa dixemos ao comezo. Por riba levaban toga, que era unha vestidura tipicamente romana, exclusiva dos cidadáns. Era moi difícil de poñer e había cidadáns que tiñan un escravo xa especializado en poñer a toga. A toga podía ser varios tipos: a pura era branca, a toga praetexta, propia dos senadores e dos nenos menores de idade, levaba un bordo púrpur. A toga picta era totalmente púrpura e con bordados, levábana os xenerais vitoriosos, os cónsules e, no Imperio, os emperadores. Na toga podíase facer coa tea unha cavidade para gardar cousas, o <i>sinum</i>, que viña sendo unha especie de peto.	Axudantes piden rapaz voluntario e montan túnica con tela branca a un voluntario e colocan cintas púrpuras. Sobre a túnica montan a toga. Despois da foto, dous axudantes axudan a sacar toga e dobrar tea. 
12. Paenula ou sagum A páenula era un manto con capucha que se usaba nas viaxes e encaso de mal tempo. Como era unha prenda cómoda, fíxose moi popular e pasou a formar parte do equipo dos soldados. O sagum era un manto cadrado de la que cubría ate os xeonllos e era tamén unha prenda típica de soldados.	Axudantes colocan paenula a un voluntario, danlle lanza e escudo. Foto e desvísteno.
13. Pervivencia e Despedida: Para rematar deixámosvos cunhas imaxes de deseñadores actuais que se inspiraron na moda clásica para as súas creacións. Entre eles hai deseñadoras galegas. (Susana explica a imaxe final onde está Hugo López)	Todos os axudantes/as controlan que todo esta en orde.

(Despedida)

Queremos agradecer a todos vós, alumnado e profesorado a colaboración, atención e a asistencia. Un agradecemento moi especial ao IES de Melide, que nos prestou todo o material do obradoiro, ao ciclo de madeira do IES de Melide, que fixo esta cadeira e outros mobles de inspiración grega, a SEEC Galicia pola organización destes Ludi e á Facultade de Filoloxía polo espazo.